

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE O RISCO DE INUNDACIÓNS EN GALICIA

Inungal

HISTORIAL DE REVISIÓNS

REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN	FECHA	PUBLICACIÓN	CONCEPTO
00 Plan especial de protección civil ante o risco de Inundacións en Galicia.	23/04/2002	DOG	Aprobación por Acordo. Consello da Xunta de Galicia
01 Plan especial de protección civil ante o risco de Inundacións en Galicia (INUNGAL).	17/10/2016	DOG	Aprobación por Acordo. Consello da Xunta de Galicia
02 Actualización do especial de protección civil ante o risco de Inundacións en Galicia (INUNGAL).	14/12/2020	Web	Informe favorable da Comisión Galega de Protección Civil
03 Revisión do especial de protección civil ante o risco de Inundacións en Galicia (INUNGAL).	28/10/2024	DOG	Aprobación por Acordo. Consello da Xunta de Galicia

ÍNDICE

FUNDAMENTOS.....	3
1. ANTECEDENTES.....	3
2. OBXECTO E ÁMBITO.....	4
2.1. Obxecto	4
2.2. Ámbito.....	5
3. MARCO LEGAL E COMPETENCIAL	5
3.1. Marco legal.....	5
3.2. O Plan especial como plan director.....	8
3.3. Marco competencial	9
4. OS PLANS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.....	9
4.1. Concepto.....	9
4.2. Funcións.....	9
4.3. Contido mínimo.....	10
5. OS PLANS DE EMERXENCIA DE PRESA, PEP.....	10
5.1. Concepto	10
5.2. Funcións.....	11
5.3. Contido mínimo.....	11
5.4. Integración dos PEP no Plan especial	12
6. DEFINICIÓNS.....	12
ANÁLISE DO RISCO	15
1.INFORMACIÓN TERRITORIAL.....	15
1.1. Localización.....	15
1.2. Superficie.....	15
1.3. Orografía	15
1.4. Xeoloxía e xeomorfoloxía	16
1.5. Usos do chan	17
2. REDE HIDROGRÁFICA	17
2.1. Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa	18
2.2. Demarcación Hidrográfica Miño-Sil.....	21
2.3. Demarcación Hidrográfica do Douro.....	23
2.4. Demarcación Hidrográfica Cantábrico Occidental.....	25
3. APROVEITAMENTO HIDROLÓXICO.....	26
3.1. Presas.....	26
3.2. Minicentraís hidroeléctricas.....	30
4. CLIMATOLOXÍA.....	31
4.1. Caracterización xeral do clima.....	31
5. IDENTIFICACIÓN DAS INUNDACIÓNS.....	34
6. AREAS DE RISCO POTENCIAL SIGNIFICATIVO DE INUNDACIÓN	35
6.1. Mapas de perigo.....	36
6.2. Mapas de risco	37
6.3. Influencia do cambio climático.....	41
6.4. Municipios con risco de inundacións.....	41
6.5 Riscos xeolóxicos asociados ás precipitacións intensas: deslizamentos e desprendementos.....	42
6.6. Rede de información meteorolóxica.....	42
6.6.3. Red de estacións pluviométricas o meteorolóxicas del SAIH.....	48
6.7. Sistemas de información hidrolóxica.....	49
ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN.....	50
1. FASES E SITUACIÓNS DO PLAN.....	50
1.1. Clasificación das emerxencias	50
1.2. Escenarios de Emerxencia en Presas	52

2. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	52
2.1. Fundamentos da estrutura	52
2.2. Estructura organizativa	53
2.3. O Centro de Coordinación Operativa, (CECOP)	54
2.4. O Centro de Coordinación Operativa Integrado (CECOPI)	54
2.5. O Cecopal (Centro de Coordinación Municipal).....	55
2.6. A Sala de Control Operativo (SACOP).....	55
2.7. CETRA (Centro de Transmisións).....	56
2.8. Director do Plan.....	56
2.9. O Comité de Dirección	57
2.10. Comité asesor	57
2.11. Gabinete de información.....	59
2.12. Posto de mando avanzado (PMA).....	59
2.13. Grupos operativos.....	60
2.14. Coordinación dos grupos operativos no terreo.....	64
3. INTERFACE ENTRE O INUNGAL E O PAM.....	65
OPERATIVIDADE	66
1. NOTIFICACIÓN E ACTIVACIÓN DO PLAN	66
1.1. Fase de Preemerxencia (seguimento e alerta)	66
1.2. Fase de Emerxencia.....	69
1.3. Fase de Recuperación	71
2. FIN DA EMERXENCIA.....	72
3. PROCEDIMENTO DE EMERXENCIA EN PRESAS.....	72
3.1. ESCENARIO 1.....	73
3.2. ESCENARIO 2 E 3.....	73
4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN	74
4.1. Avisos á poboación.....	75
5. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS	76
IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO.....	77
1. IMPLANTACIÓN DO PLAN.....	77
2. MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE DO PLAN.....	78
3. INFORMACIÓN Á POBOACIÓN.....	79
4. FINANCIAMENTO	79

Anexo I: ANÁLISE DO RISCO: PERIGO, VULNERABILIDADE E ZONIFICACIÓN DO TERRITORIO

Anexo II: PRESAS CON PLAN DE EMERXENCIA APROBADO

Anexo III: CENTRAIS MINIHIDRÁULICAS EN GALICIA

Anexo IV: DATOS PLUVIOMÉTRICOS

Anexo V: MAPAS

Anexo VI: REDE OFICIAL DE AFOROS E SISTEMAS AUTOMÁTICOS DE INFORMACIÓN HIDROLÓXICA

Anexo VII: RESUMO DO PLAN NACIONAL DE PREDICIÓN E VIXILANCIA DE METEOROLOXÍA ADVERSA METEOLAERTA

Anexo VIII: CONXELLOS Á POBOACIÓN ANTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

FUNDAMENTOS

1. ANTECEDENTES

As inundacións, conforme á Norma básica de protección civil, son obxecto de planificación especial. Así se considera na Norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril, na que determina no seu apartado 6 que o risco de inundacións será obxecto de plans especiais naqueles ámbitos territoriais que o requiran.

Por Resolución do 31 de xaneiro de 1995, apróbase a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións (BOE número 38, do 14 de febreiro). Esta directriz establece os requisitos mínimos que deben cumprir os correspondentes plans especiais de protección civil, en canto a fundamentos, estrutura, organización e criterios operativos e de resposta, para ser homologados e implantados no seu correspondente ámbito territorial.

Co obxecto de minimizar os riscos que poidan derivarse dunha situación de emerxencia por inundacións, a Xunta de Galicia mantén operativo o Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia desde o ano 2002, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 27 de setembro de 2002. Posteriormente, foi publicado no DOG n.º 78, do 23 de abril de 2002, pola Resolución do 13 de marzo de 2002, da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil.

Posteriormente, a entrada en vigor Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, así como a paulatina elaboración e implantación de Plans de Emerxencia de Presas (PEP en diante), a creación da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA en diante) e a implantación de novas tecnoloxías de xestión de emerxencias desenvolvidas por ela, fixo necesaria a revisión e posta ao día do plan.

Os artigos 11 ao 17 do Real decreto 903/2010 regulan os plans de xestión de risco de inundación (PGRIs) cuxo obxectivo é coordinar todas as administracións públicas e a sociedade para para reducir os efectos negativos das inundacións, baseándose nos programas de medidas que cada unha das administracións debe aplicar no ámbito das súas competencias para alcanzar o obxectivo previsto. No ano 2016 foron aprobados polo goberno, en reunión do Consello de Ministros do 15 de xaneiro de 2016 e publicados no BOE n.º 19, do 22 de xaneiro de 2016, a maior parte dos Plans de Xestión de Risco de Inundación de primeiro ciclo.

A ferramenta clave da Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación é a elaboración, aprobación e implantación dos plans de xestión de inundación. Así, @dicha Directiva e o RD 903/2010 establecen a necesidade revisar e, de ser o caso, actualizar os plans de xestión de risco de inundación cada seis anos.

No Consello de Ministros do 17 de xaneiro de 2023 apróbanse os Plans de Xestión dos Riscos de Inundación de segundo ciclo, dentro os cales se atopan os que afectan as demarcacións hidrográficas presentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Como aspectos a destacar na revisión dos PGRIs, neste segundo ciclo, mellorouse o diagnóstico do risco de inundación de forma que a información que ofrecen os mapas de risco de inundación é máis precisa, con criterios e fontes de información comúns a todas as demarcacións e axustándose ás necesidades da xestión da emerxencia.

O plan INUNGAL foi por tanto revisado no ano 2016, e posteriormente actualizado no ano 2020, para recoller os novos plans de emerxencia de presa que desde o ano 2016. Para recoller as novas análises de risco, así como adaptar a operatividade á nova norma básica de protección civil, publicada mediante o Real decreto 524/2023, procédese de novo á revisión do plan especial vixente que entrará en vigor tras a aprobación polo Consello de la Xunta de Galicia.

Quedarán integrados neste plan especial de protección civil #ante o risco de inundacións en Galicia, (INUNGAL en diante) os plans de actuación municipal, elaborados xa e os que se vaian elaborando, así como os plans de emerxencia de presas que se atopen no ámbito territorial de Galicia, unha vez sexan aprobados e homologados conforme á normativa vixente. Tanto a inclusión destes plans como a actualización ou incorporación de datos referentes á Análise de Risco posteriores á aprobación e homologación do INUNGAL, serán efectivas co único requisito do informe favorable da Comisión Galega de Protección Civil.

2. OBXECTO E ÁMBITO

2.1. Obxecto

O INUNGAL é un instrumento técnico que establece a organización e procedementos de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, e os que poden ser asignados ao mesmo por outras administracións públicas e doutros pertencentes a actividades públicas ou privadas. Comprende un conxunto de normas que constitúen o sistema e dispositivo de resposta e actuación fronte a calquera situación de emerxencia provocada por inundacións.

Son obxectivos específicos os seguintes:

- a) Determinar as zonas con risco de inundacións.
- b) Aumentar a resiliencia da poboación afectada. Para iso, estableceranse as accións que permitan:
 - 1) Minimizar os riscos nas zonas asolagadas.
 - 2) Previr e reducir no posible os accidentes e os danos acontecidos.

- 3) Dispoñer de medios de evacuación e de lugares de aloxamento para os evacuados.
- 4) Dispoñer de medios de asistencia sanitaria.
- 5) Dispoñer de medios e mecanismos de restauración das vías de comunicación afectadas.
- 6) Establecer vías alternativas de comunicación.
- 7) Manter e restablecer no menor tempo posible os servizos básicos: alimentación, teléfono, luz, auga.
- 8) Reducir no posible as perturbacións por modificacións na vida cotiá, tales como paralización da vida escolar, de comunicacións etc.
- 9) Manter informada a poboación.

2.2. Ámbito

O presente plan especial aplicarase ás fases de preemerxencia, emerxencia e recuperación, producidas por inundacións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. MARCO LEGAL E COMPETENCIAL

3.1. Marco legal

As seguintes disposicións establecen o marco legal e regulamentario co que se regula a xestión das emerxencias por inundacións:

- a) Europea:
 - Resolución do Consello e dos representantes dos gobernos dos Estados Membros reunidos no seo do Consello, do 23 de novembro de 1990, sobre a mellora da axuda recíproca entre Estados membros en caso de catástrofes naturais ou de orixe humana.
 - Resolución do Consello e dos representantes dos gobernos dos Estados membros, reunidos no seo do Consello, do 8 de xullo de 1991, sobre a mellora da asistencia recíproca entre Estados membros en caso de catástrofes naturais ou tecnolóxicas.
 - Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
 - Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- b) Administración xeral do Estado:
 - Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade.

- Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei Orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da Defensa Nacional.
- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil.
- Real decreto 927/1988, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Administración Pública da auga e da Planificación Hidrolóxica, en desenvolvemento dos títulos II e III da Lei de Augas.
- Real decreto 1/2001 do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
- Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.
- Real decreto 907/2007, do 6 de xullo polo que se aproba o Regulamento de Planificación Hidrolóxica.
- Real decreto 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Real decreto 266/2008, do 22 de febreiro, polo que se modifica a Confederación Hidrográfica do Norte e divídese na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e na Confederación Hidrográfica do Cantábrico.
- Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación que transpone ao dereito interno español a Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2007 relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, e adapta o contido dos vixentes regulamentos do Dominio Público Hidráulico, da Administración Pública da auga e da Planificación Hidrolóxica á nova ordenación europea.
- Real decreto 29/2011, do 14 de xaneiro, polo que se modifican o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, e o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos Organismos de conca e dos plans hidrolóxicos (fíxase o ámbito territorial da nova Demarcación Hidrográfica do Cantábrico).
- Real Decreto 1097/2011, do 22 de xullo, polo que se aproba o Protocolo de Intervención da Unidade Militar de Emerxencias.

- Real decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana.
- Real decreto 734/2019, do 20 de decembro, polo que se modifican directrices básicas de planificación de protección civil e plans estatais de protección civil para a mellora da atención das persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de especial vulnerabilidade ante emerxencias.
- Real decreto 264/2021, do 13 de abril, polo que se aproban as normas técnicas de seguridade para as presas e os seus encoros.
- Real decreto 26/2023, do 17 de xaneiro, polo que se aproba a revisión e actualización dos plans de xestión do risco de inundación das Demarcacións Hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Segura, Júcar e da parte española das Demarcacións Hidrográficas do Miño-Sil, Douro, Tajo, Guadiana, Ebro, Ceuta e Melilla.
- Real decreto 27/2023, do 17 de xaneiro, polo que se aproba a revisión e actualización do plan de xestión do risco de inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.
- Real decreto 35/2023, do 24 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das Demarcacións Hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das Demarcacións Hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Douro, Tajo, Guadiana e Ebro.
- Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.
- Real decreto 524/2023, do 20 de xuño, polo que se aproba a Norma básica de protección civil.
- Real decreto 665/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril; o Regulamento da Administración Pública da auga, aprobado por Real decreto 927/1988, do 29 de xullo; e o Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do chan e os criterios e estándares para a declaración de chans contaminados.
- Resolución do 4 de xullo de 1994, da Secretaría do Estado de Interior, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros sobre criterios de

asignación de medios e recursos de titularidade estatal aos plans territoriais de Protección Civil.

- Resolución do 31 de xaneiro de 1995, da Secretaría de Estado de Interior, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil #ante o Risco de Inundacións.
- Resolución do 2 de agosto de 2011, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 29 de xullo de 2011, polo que se aproba o Plan Estatal de Protección Civil ante o risco de inundacións.
- Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro, pola que se aproba a instrución de planificación hidrolóxica.

c) Comunidade Autónoma de Galicia:

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu presidente, modificada pola Lei 10/2015, do 31 de agosto, de modificación do artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG número 149, do 5 de agosto).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Resolución do 2 de agosto de 2010 pola que se publica o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
- Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia.

3.2. O Plan especial como plan director

O Inungal é considerado Plan director da planificación territorial de ámbito inferior que se elabore en Galicia ante este risco. Por tanto, establece as funcións básicas e o contido mínimo dos Plans de Actuación Municipal ante este risco e define o marco

organizativo xeneral que posibilita a integración destes e dos Plans de Presas no plan especial.

3.3. Marco competencial

Conforme á Lei do Sistema Nacional de Protección Civil e a Norma básica de Protección Civil, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a responsabilidade de elaborar e aprobar o Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia, previo informe da Comisión Galega de Protección Civil.

A elaboración e a aprobación dos plans de actuación municipal fronte ao risco de inundacións correspóndelle ao órgano de goberno municipal, previa homologación pola Comisión Galega de Protección Civil.

A elaboración dos plans de emerxencias de presas é responsabilidade dos titulares das mesmas. A súa aprobación corresponde á Dirección Xeral competente en Obras Hidráulicas, previo informe do Consello Nacional de Protección Civil, para aquelas situadas nas concas intercomunitarias. As situadas na conca de Galicia-Costa corresponde ao organismo Augas de Galicia, previo informe da Comisión Galega de Protección Civil.

4. OS PLANS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

4.1. Concepto

Os plans de actuación municipal #ante o risco de inundacións, establecen a organización e actuación dos recursos e servizos propios, ao obxecto de facer fronte ás emerxencias por inundacións, dentro do seu ámbito territorial.

No anexo I, relaciónanse os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia que se considera teñen risco de inundacións, e aqueles que deben elaborar o plan de actuación municipal. Tamén aqueles afectados nas dúas primeiras horas pola rotura ou incorrecto funcionamento das presas, establecido nas análises de riscos dos PEP's (Anexo II) deben elaborar o PAM correspondente.

4.2. Funcións

As funcións básicas dos plans de actuación municipal son as seguintes:

- a) Prever a estrutura organizativa e os procedementos para a intervención en emerxencias por inundacións dentro do territorio do municipio que corresponda, en coordinación cos Grupos Operativos previstos no plan especial.
- b) Catalogar elementos vulnerables e zonificar o territorio en función do risco, en concordancia co establecido neste plan especial, así como delimitar áreas

segundo posibles requirimentos de intervención ou actuacións para a protección de persoas e bens.

- c) Especificar procedementos de información e alerta á poboación, en coordinación cos previstos no plan especial.
- d) Catalogar os medios e os recursos específicos para a posta en práctica das actividades previstas.

Nos plans de actuación daqueles municipios afectados por un plan de emerxencia de presa de ámbito territorial que pode verse afectado nun intervalo de tempo de dúas horas ou inferior, contado desde o momento hipotético da rotura, recolleranse os seguintes aspectos:

- a) Delimitación de zonas de inundación, de acordo co establecido no correspondente plan de emerxencia de presa.
- b) Previsión dos medios e procedementos de alerta e alarma á poboación e de comunicación co Centro de Coordinación Operativa.
- c) Previsión das vías e medios a empregar pola poboación para o seu afastamento inmediato das áreas de perigo.

4.3. Contido mínimo

O contido mínimo dos plans de actuación de ámbito local será o seguinte:

1. *FUNDAMENTOS: OBXECTO E ÁMBITO*
2. *ANÁLISE DO RISCO E VULNERABILIDADE*: descrición do termo municipal, resumo da análise do risco establecido nos plans de xestión, áreas afectadas, consecuencias...
3. *ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DO PLAN*: niveis e criterios de activación, centros de coordinación, director do plan, responsables municipais da emerxencia, grupos operativos.
4. *OPERATIVIDADE E IMPLANTACIÓN DO PLAN*: procedementos de activación de plan, activación dos grupos operativos.
5. *ANEXOS*: directorio telefónico, consellos á poboación, plans de autoprotección asociados, catálogo de medios e recursos.

5. OS PLANS DE EMERXENCIA DE PRESA, PEP

5.1. Concepto

Os PEP son aqueles plans elaborados e implantados polos titulares das presas que establecen a organización dos recursos humanos e materiais necesarios para o control dos factores de risco que poidan comprometer a seguridade da presa de que se trate. Así mesmo, establecen os sistemas de información, alerta e alarma dos servizos e recursos que haxan de intervir para a protección da poboación en caso de rotura ou

avaría grave da presa, e posibilita o que a poboación potencialmente afectada adopte as medidas de autoprotección necesarias.

As presas clasifícanse en tres categorías (A, B e C) en función da gravidade dos danos que se poidan producir en caso de accidente:

- **Categoría A:** presas cuxa rotura ou funcionamento incorrecto pode afectar gravemente núcleos urbanos ou servizos esenciais ou producir danos materiais ou ambientais moi importantes.
- **Categoría B:** presas que poden ocasionar danos materiais ou ambientais ou afectar un número reducido de vivendas.
- **Categoría C:** presas que poden producir danos materiais de moderada importancia e só incidentalmente perda de vidas humanas. En todo caso, a esta categoría pertencerán todas as presas non incluídas nas categorías A ou B.

Deben dispoñer de PEP todas as presas que fosen clasificadas nas categorías A ou B.

5.2. Funcións

As funcións básicas dos referidos plans establecidas na directriz son as seguintes:

- a) Definir, tras a correspondente análise de seguridade, as estratexias de intervención para o control de situacións que poidan implicar riscos de rotura ou de avaría grave da presa e establecer a organización adecuada para o seu desenvolvemento.
- b) Determinar a zona que se asolaga en caso de rotura, indicando os tempos de propagación da onda de avenida e efectuar a correspondente análise de riscos.
- c) Dispoñer a organización e os medios adecuados para obter e comunicar a información sobre incidentes, a comunicación de alertas e a posta en funcionamento, en caso necesario, dos sistemas de alarma que se establezan.

5.3. Contido mínimo

A directriz básica establece como contido mínimo dos plans de presa:

- a) Análise de seguridade da presa: estudo dos fenómenos que poidan producir unha emerxencia.
- b) Zonificación territorial e análise dos riscos xerados pola rotura da presa.
- c) Normas de actuación adecuadas para a redución ou a eliminación do risco.

- d) Organización dos recursos humanos e materiais necesarios para a posta en práctica das actuacións previstas.
- e) Medios e recursos de que dispón o plan e medios técnicos necesarios.

5.4. Integración dos PEP no Plan especial

Os PEP que afecten o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia quedarán integrados neste plan especial e, en caso de emerxencia de interese nacional, no plan estatal. Estes plans incorporaranse ao INUNGAL unha vez aprobados polo organismo de conca, no caso das presas situadas na demarcación Galicia-Costa, e pola Dirección Xeral de Auga, para as presas situadas en concas intercomunitarias.

Segundo sexan aprobados os Plans de Emerxencia de Presas, durante a fase de implantación, procederase a:

- Informar os municipios afectados polo PEP nas dúas primeiras horas, para que elaboren o correspondente plan de actuación municipal ou ben para que actualicen o PAM de inundacións, se estivese redactado.
- Incluír a descrición dos riscos efectuada no PEP no anexo correspondente.
- Incluír o procedemento operativo e os protocolos asociados ao PEP na operativa do CIAE112.

6. DEFINICIÓNS

Neste plan considéranse as seguintes definicións:

ARPSI: Area de Risco Potencial Significativo de Inundación.

Avenida: aumento inusual do caudal nun leito fluvial ao recibir a súa conca unha cantidade tal de achegas de auga que supera a súa capacidade de almacenamento, desaugadoiro e infiltración. Como consecuencia prodúcese unha subida do nivel das augas, podéndose desbordar o leito e asolagar as áreas adxacentes.

Cartografía oficial: a realizada de acordo coas prescricións da Lei 7/1986, de Ordenamento da Cartografía, polas administracións públicas ou baixo a súa dirección e control.

Chaira de inundación: franxa adxacente ao curso do río que este ocupa con certa periodicidade en episodios de avenida e que se constrúe e delimita a expensas destes episodios.

Cecop: Centro de Coordinación Operativo. Está composto polo Comité de Dirección (no seu caso), e o Comité Asesor.

Cecopi: Centro de Coordinación Operativo Integrado.

Cecopal: Centro de Coordinación Operativo Municipal.

Cetra: Centro de Transmisiões.

CIAE 112: Centro Integrado de Atención ás Emerxencias de Galicia.

Conca hidrográfica: superficie de terreo cuxa escorrentía superficial flúe por unha serie de correntes e chega, xeralmente ata o mar, por unha única desembocadura ou ría.

Conca intercomunitaria: conca hidrográfica comprendida en máis dun territorio autónomo e sobre a cal exerce competencias plenas sobre o dominio público hidráulico o Estado a través da Confederación Hidrográfica correspondente e sen prexuízo da xestión que en materia de augas teña encomendada cada comunidade autónoma.

Conca intracomunitaria: conca hidrográfica comprendida integramente dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia e na cal exerce competencias plenas a Xunta de Galicia sobre o dominio público hidráulico.

Elementos en risco (E): poboación, núcleos de poboación, vivendas, instalacións industriais e comerciais, infraestruturas de comunicacións, servizos básicos (auga, gas e electricidade) etc. que se atopen en perigo nunha zona determinada.

Inundación: asolagamento temporal de terreos normalmente secos como consecuencia da chegada inusual e máis ou menos repentina dunha cantidade de auga superior á que é normal nunha zona determinada.

Leito natural dun río ou arroio: o terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias. dunha cantidade de auga superior á que é normal nunha zona determinada.

Mobilización: conxunto de operacións e tarefas para activar os medios, recursos e servizos que teñan que intervir nas emerxencias por inundacións.

Perigosidade (P): probabilidade de ocorrencia dunha inundación dentro dun período de tempo determinado e unha área dada.

Período de retorno: inverso da probabilidade de que nun ano se presente unha avenida superior a un valor dado.

Risco (R): grao de perda esperado debido a unha inundación. Exprésase como o produto do Perigo (P) pola Vulnerabilidade (V) pola exposición dos elementos en risco (E).

Sacop: Sala de Control Operativo.

SNCZI: Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables; sistema informático que almacena o conxunto de estudos de inundabilidade realizados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e os seus organismos de conca, xunto a aqueles que acheguen as comunidades autónomas e as administracións locais.

Vía de intenso desaugadoiro: zona pola que pasaría a avenida de 100 anos de período de retorno sen producir unha sobreelevación maior ca 0,3 m, respecto da cota da lámina de auga que se produciría con esa mesma avenida considerando toda a chaira de inundación existente. A sobreelevación anterior poderá, a criterio do organismo de conca, reducirse ata 0,1 m cando o incremento da inundación poida producir graves prexuízos ou aumentar ata 0,5 m en zonas rurais ou cando o incremento da inundación produza danos reducidos.

Vulnerabilidade: grao de probabilidade de perda dun elemento en risco dado, expresado nunha escala de 0 (sen dano) a 1 (perda total), que resulta dunha inundación de características determinadas.

Zona de fluxo preferente: a constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugadoiro, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as zonas. Véxase o Real decreto 9/2008, artigo único, modificación do Regulamento do dominio público hidráulico, punto 5.2.

Zona inundable: segundo o RD 903/2010, terreos que poden resultar asolagados polos niveis teóricos que acadarían as augas nas avenidas de período estatístico de retorno de 500 anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de avenidas históricas e documentos ou evidencias históricas das mesmas nos lagos, lagoas, encoros, ríos ou regatos, así como as inundacións nas zonas costeiras e as producidas pola acción conxunta de ríos e mar nas zonas de transición. Estes terreos cumpren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas crecidas ou de resguardo contra a erosión.

ANÁLISE DO RISCO

1. INFORMACIÓN TERRITORIAL

1.1. Localización

Co norte de Portugal ata o río Douro, Galicia forma unha soa rexión natural claramente definida polos seus caracteres xeolóxicos e xeográficos. Podería considerarse ampliada esta rexión natural por parte do territorio asturiano, ao oeste da serra do Rañadoiro (de constitución análoga á galega) e polo país de transición do Bierzo que ofrece nos seus vales e montañas trazos do chan e ambiente que se identifican en boa parte cos de Galicia.

A organización político-administrativa vixente considera Galicia o territorio das catro provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e así aparece, encadrada polos paralelos de 41° 50' (confluencia do Támega co río do Porto en Feces) e 43° 47' 25" de latitude norte (Estaca de Bares) e os meridianos de 9° 18' 18" (Cabo Touriñán) e de 6° 51' lonxitude oeste de Greenwich (cuña da serra do Eixe xunto aos confíns das provincias de Zamora, León e Ourense).

Galicia limita ao norte co mar Cantábrico e co océano Atlántico, cuxa divisoria é o cabo de Estaca de Bares; ao oeste polo Atlántico; ao sur polo curso do Miño e a raia seca de Portugal e ao leste, por Asturias e as provincias de León e Zamora.

1.2. Superficie

A extensión superficial de Galicia cífrase en 29.154 km², repartida así entre as catro provincias: A Coruña, 7.903; Lugo, 9.881; Ourense, 6.979 e Pontevedra 4.391 km² respectivamente.

Galicia representa, pola súa extensión, o 5,78 % da superficie total de España.

A poboación en Galicia é de 2.690.464 habitantes, repartidos da seguinte maneira nas catro provincias galegas: A Coruña 1.119.180; Lugo 323.989; Ourense 304.280, y Pontevedra 943.015 (*cifras oficiais a 01/01/2022 do IGE*).

1.3. Orografía

En Galicia, enuméranse cinco grandes unidades morfolóxicas: o litoral, as superficies de aplanamento, as depresións tectónicas, as cordais e, como nexa de unión entre elas, os vales fluviais.

Entre o litoral e as serras centro-occidentais destacan as planicies galegas, que se gradúan desde os 100 ao 700 m. Preto do litoral, o encaixamento da rede fluvial xera un relevo movido de vales e outeiros encadeados.

Os bloques máis altos de Galicia constitúen as serras, situadas en xeral por encima dos 700 metros, e como cota máxima chega aos 2.124 metros, en Pena Trevinca; por encima dos mil metros están tamén Pena Loura e Cuiña. Hai pequenas serras por debaixo desta altitude, polo que se diferencian das serras centro-occidentais (desde A Faladoira ata O Faro de Avión, pasando por Serra da Loba, Cova da Serpe, O Careón, O Farelo, O Faro, O Suído e Montes do Testeiro), as setentrionais (destacan o macizo do Xistral) e as orientais ou surorientais (a serra dos Ancares, O Courel, O Eixe, o macizo de Manzaneda e o macizo de Trevinca, a serra de Queixa, a serra de San Mamede, O Burgo, As Corzas e os montes do Invernadoiro).

Os vales galegos, pola súa disposición respecto ao mar, representan un medio natural de penetración da influencia oceánica no interior e adoitan ser a continuación das rías que achegan os ventos atlánticos e cantábricos. Con todo, os vales do Sil e do Támega permiten o paso dous caracteres mediterráneos incluso o val de Lemos. A influencia oceánica déixase notar moito máis nos grandes vales con orientación O-E, coma o Tambre, o Ulla e o Miño, e é mostra diso a suavidade do clima do baixo Deza ou do Mandeo.

Nos vales sudorientais, á sequidade do verán únenselle as elevadas temperaturas, mentres que no inverno son moi frecuentes as inversións térmicas e as néboas persistentes, de modo que son correntes os días nos que o val está cuberto e uns 300 metros máis arriba loce o sol.

1.4. Xeoloxía e xeomorfoloxía

A extraordinaria variedade de rocas, con grandes diferenzas na súa textura, e sobre todo na súa composición química e mineralóxica, constitúe un factor importante da diversidade de tipoloxía e propiedades edáficas existentes en Galicia. As máis significativas son: granitos e gneises, xistos, lousas, peridotitas, piroxenitas, gabros, anfíbolitas, granulitas, eclogitas, serpentinas, filitas, cuarcitas, areíscas, calcarias, dolomías e un gran número de sedimentos de distinta textura, composición e idade.

Os materiais xeolóxicos máis abundantes en Galicia son: as rocas metamórficas pobres en cuarzo, as rocas metamórficas ricas en cuarzo, as rocas graníticas e as rocas básicas e sedimentos.

As rocas graníticas representan o 45 % da superficie, porcentaxe similar ao das rocas metamórficas de baixo grao (xistos, lousas, filitas...).

Na distribución:

- Chans formados sobre rocas graníticas
- Chans sobre rocas básicas e ultrabásicas
- Chans sobre xistos e lousas

- Chans sobre areniscas e cuarcitas
- Chans sobre sedimentos

A distribución dos chans en Galicia é aproximadamente coincidente coa da vexetación e está ligada aos tipos de climas. A natureza da roca nai é o principal factor de diferenciación das propiedades dos chans.

Os principais chans existentes en Galicia son: litosol; ranker; histosol; vertisol; fluvisol; gelisol; andosol; arenosol; regosol; podsol; luvisol; acrisol e cambisol.

1.5. Usos do chan

A distribución de usos do chan na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o "Cuarto Inventario Forestal Nacional, é a seguinte:

USO DEL SOLO	SUPERFICIE (ha)					%
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia	
Forestal	501.586,03	656.842,50	575.264,21	296.988,29	2.030.681,03	68,66
Agrícola	253.815,84	310.087,38	129.989,66	128.733,98	822.626,86	27,82
Improdutivo	32.775,28	13.976,32	14.293,49	20.475,50	81.520,59	2,76
Humidal	1.278,45	233,36	33,20	766,57	2.311,58	0,08
Auga	5.582,82	4.479,96	7.757,93	2.486,70	20.307,41	0,69
Total	795.038,42	985.619,52	727.338,49	449.451,04	2.957.447,47	100,00

Táboa 1: Distribución dos usos do solo na Comunidade Autónoma de Galicia. Fonte: MITECO.

Do total da superficie forestal, pouco mais do 70 %, 1.424.094 ha, corresponde a superficie arborizada, que está constituída nun 31 % por coníferas, nun 52 % por frondosas (autóctonas e alóctonas) e nun 17 % pola mestura de ambas.

2. REDE HIDROGRÁFICA

En Galicia, hai unha marcada diferenza entre os sectores costeiros e do interior tanto polos caudais de auga coma pola densidade da súa rede fluvial.

Algúns trazos significativos da rede fluvial de Galicia son a estreita relación que teñen as canles de auga coa fracturación do terreo, o seu curto percorrido (a excepción do Miño) e a bipolaridade costa/interior.

A presenza das serras formando unha orla continua entre a costa e o interior propicia a existencia de ríos de curto percorrido: Eo, Masma, Ouro, Landro, Mera, Grande de Xubia, Anllóns, Xallas, Lérez, Verdugo-Oitavén, exceden raramente os 50 km; soamente o Tambre e o Ulla superan estas distancias. No interior, o Miño ten un percorrido por encima do 300 km, cunha clara morfoloxía na súa conca, que fai fácil a acumulación de auga nunha canle única.

As características morfolóxicas da Galicia central son bastantes diferentes (aparecen con maior asiduidade as terras chairas rodeadas de serras). Un exemplo ocorre co Miño: desde A Terra Chá recolle as augas que baixan das serras; o Ladra e o Parga recollen da Serra da Loba; o Anllóns das estribacións do Xistral, o Ferreira, o Neira... todos achegan o seu caudal para ir formando a grande arteria galega. O Sil realiza idéntica función coas augas dalgunhas depresións e serras surorientais, posteriormente chéganlle as augas dos ríos Avia e Arnoia, que tamén nacen no corazón da Galicia central.

Un factor importante dos ríos galegos é o seu réxime:

- Os *ríos costeiros* (os que nacen na unidade denominada costa), teñen un clásico réxime pluvial cun máximo no outono e no inverno.
- Os *ríos do interior*, que nacen nas serras occidentais e setentrionais (nas áreas do interior), ten semellantes características que os costeiros.
- Os *ríos que nacen nas serras orientais e surorientais* ofrecen un réxime pluvio-nival caracterizado por dous máximos, un no outono-inverno, que é o máis importante, e outro na primavera.

2.1. Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

O ámbito territorial de Galicia Costa comprende o territorio de todas as concas hidrográficas situadas integramente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as augas de transición a elas asociadas, xunto coas subconcas vertentes na marxe esquerda da ría do Eo e as augas costeiras ata o límite sur da liña con orientación 270° que pasa pola Punta Bazar, ao norte da desembocadura do Miño e ata o límite leste da liña con orientación 0° que pasa pola punta Penas Brancas, ao oeste da ría do Eo.

Para os efectos hidrográficos, o Plan hidrolóxico vixente define 19 sistemas de explotación, que son agrupacións das concas principais atendendo a criterios hidrográficos e de explotación dos recursos hídricos.




Figura 1: Sistemas de explotación da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Fonte: Plan Hidrológico Galicia-Costa.

Os sistemas de explotación que se corresponden á figura 1 son os seguintes:

1. Río Verdugo, ría de Vigo e ría de Baiona
2. Costa de Pontevedra
3. Río Lézec e ría de Pontevedra
4. Río Umia e ría de Arousa (marxe esquerda)
5. Río Umia e ría de Arousa (marxe dereita)
6. Río Tambre e ría de Muros e Noia
7. Río Xallas, costa da Coruña e ría de Corcubión
8. Río O Castro
9. Río Grande, ría de Camariñas e costa da Coruña ata río Anllóns
10. Río Anllóns, costa da Coruña ata límite de Arteixo
11. Río Mero, Arteixo e ría da Coruña
12. Río Mandeo e ría de Betanzos
13. Río Eume e ría de Ares
14. Ferrol
15. Río Mera, ría de Sta. Marta de Ortigueira e ría de Cedeira
16. Río Sor, ría de Santa Marta de Ortigueira e ría de Viveiro

17. Río Landro e río Ouro
18. Río Masma
19. Ría de Ribadeo

A climatoloxía destas concas caracterízase polos seus invernos suaves, veráns frescos, aire húmido, abundante nebulosidade e precipitacións frecuentes durante todo o ano, excepto nos meses de xullo e agosto, sobre todo na parte occidental e sur da zona.

En canto ás concas fluviais que compartimentan o espazo xeográfico da Demarcación, é posible establecer a seguinte clasificación en tres grupos en función das augas ás que verten:

- *Concas da Vertente Cantábrica*: son as comprendidas entre Ribadeo e Cabo Ortegá. Os ríos nacen nas serras setentrionais das provincias da Coruña e Lugo e escorren pola Mariña lucense en dirección xeral sur-norte. Son concas máis ben pequenas e con forma aproximadamente alongada a rectangular. Os seus caudais son bastante estables e as achegas abundantes, debido ao carácter máis oceánico do clima nesta zona. Os caudais relativos medios son de 26 L/sg/km², e o coeficiente de caudal para os meses de estiaxe é de 0,28.
- *Concas do Arco Ártabro- Fisterrán*: son as comprendidas entre os cabos Ortegá e Fisterra. Os ríos do Golfo Ártabro e Fisterra presentan unhas características intermedias. O seu caudal relativo medio anual sitúase ao redor dos 29 L/sg/km² e o coeficiente medio estival ten un valor medio de 0,20.
- *Concas das Rías Baixas*: os ríos que desembocan nas Rías Baixas (desde o cabo Fisterra ata A Guarda) están sometidos a notables influencias mediterráneas a pesar de recibir de cheo as borrascas atlánticas e acusan marcados estiaxes. Desta forma, o coeficiente medio de estiaxe destes ríos baixa ata ou 0,13, a pesar de que o caudal relativo medio anual é duns 40 l/sg/km².

As temperaturas caracterízanse pola súa suavidade e por manter pequenas oscilacións ao longo do ano. A temperatura media oscila entre os 10,2 °C en Abadín e os 14,9 °C en Pontevedra e Vigo, cunha amplitude térmica anual entre os 6 °C e 15 °C.

A precipitación media anual oscila entre os 781 mm da estación pluviométrica de Foz e os 3.045 mm en Dodro. Os valores máis baixos (800-1.300 mm) alcánzanse naquelas zonas onde se producen fenómenos de abrigo, puntos costeiros como Estaca de Bares, cabos Fisterra e Corrubedo etc., e os máis altos rexístranse particularmente na serra de Avión e nas demais altitudes da franxa montañosa da costa oeste que actúa como barreira fronte ás depresións procedentes do oeste-suroeste, produtoras de abundantes choivas.

2.2. Demarcación Hidrográfica Miño-Sil

O ámbito territorial da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil (DHMS) corresponde co que se recolle no Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, rectificado polo Real decreto 266/2008, polo que se modifica a Confederación Hidrográfica do Norte e divídese na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) e na Confederación Hidrográfica do Cantábrico.

A parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil agrupa os territorios drenados polo río Miño, co seu afluente o Sil, e a parte española do río Limia.

Nela engópanse os ríos de maior lonxitude de Galicia. As concas do Miño, o Sil e a pequena parte española do Limia teñen unha ordenación basicamente lineal, co río principal relativamente centrado en cada unha delas e numerosos tributarios –moitos deles de orde menor– que aflúen por ambas as marxes.

A Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil dividiuse en 6 sistemas de explotación de recursos, atendendo principalmente a criterios hidrográficos.

As 6 zonas definíronse como sistemas de explotación que á súa vez están formados por unha ou varias zonas, e a súa división responde a criterios de funcionalidade na explotación dos recursos hídricos na conca.




Figura 2: Sistemas de explotación da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil. Fonte: Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil (2015-2021).

Os sistemas de explotación que se corresponden á figura 2 son os seguintes:

1. Miño Alto
2. Miño Baixo
3. Sil Superior
4. Sil Inferior
5. Cabe
6. Limia

O Sil superior comparte territorio das comunidades autónomas de Castela e León e Galicia, e os demais sistemas de explotación están integramente en Galicia

A pluviometría ten un amplo rango de variación, xa que oscila entre os 700 e os 1.900 mm/ano. Os valores máximos alcánzanse na cabeza de Manzaneda (1.778 m), entre o Navea e o Bibeí, na serra dos Ancares (2.214 m) e no val inferior do Miño. Reciben tamén altas precipitacións as serras de San Mamede (1.618 m) e Queixa (1.707 m), onde se forman as cabeceiras do xa citado Navea, do Camba e do Arnoia, e tamén algo máis ao sur na zona alta da conca do Limia. No outro extremo –entre 700 e 900 mm de choiva anual– sitúanse as depresións de Monforte e a área de Ourense.

A distribución anual destas ten un máximo en decembro-xaneiro, que se amplía ata novembro e febreiro, e un mínimo en xullo, seguido de agosto. Adoita producirse, ademais, outro máximo relativo na primavera.

O factor neve, aínda que importante en case todas as áreas montañosas por encima dos 1.000 m de altitude, ten incidencia máxima, polos volumes recibidos e a súa persistencia, nos macizos máis elevados; en particular, aqueles abertos aos ventos dos cuadrantes terceiro e cuarto. É o caso do nó de Pena Trevinca, Cabeza de Manzaneda, a serra de Queixa, Os Ancares e, sobre todo, na cabeceira do Sil, ao longo da cordilleira cantábrica.

A rede de drenaxe está formada por varios ríos importantes entre os que destacan como principais o Miño e os seus afluentes o Sil, Neira, Avia, Barbantiño e Búbal, e o río Limia que desde Ourense entra en Portugal.

2.3. Demarcación Hidrográfica do Douro

A demarcación hidrográfica internacional do Douro é a máis extensa da Península Ibérica. O ámbito territorial está fixado no Real decreto 125/2007.

Esta demarcación está dividida 13 sistemas de explotación, á súa vez agrupados por zonas e subzonas:




Figura 3: Sistemas de explotación da Demarcación Hidrográfica do Douro. Fonte: Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Douro.

Os sistemas de explotación que se corresponden á figura 3 son os seguintes:

1. Támega-Mazás
2. Tera
3. Órbigo
4. Esla
5. Carrión
6. Pisuerga
7. Arlanza
8. Alto Douro
9. Rianza-Duratón
10. Cega-Eresma-Adaja
11. Baixo Douro
12. Tormes
13. Ágeda

Dos 98.103 km² de superficie que ten a conca, apenas o 1,441 %, 1136,75 km², están en territorio galego.

O sistema de explotación Támeqa-Mazás está integrado por unha serie de ríos independentes entre si que verten directamente á parte portuguesa da DH, entre os que se atopan o Támeqa e o Mente, que discorren por Galicia.



Figura 4: Sistemas de explotación Támeqa-Mazás. Fonte: Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Douro.

O Támeqa (e o seu afluente o Bubal), descende encaixado ata Laza para abrirse posteriormente (por Verín, Oimbra Monterrei), e desemboca no Douro, no municipio de Peñafiel (Portugal), e o Mente, que nace na Serra de Texeiras, forma amplos vales na zona de Riós, e desemboca no río Rabazal en Portugal.

O rango de precipitación na demarcación oscila entre 350 e 2.000 mm/ano. Sobre ese territorio desenvólvese un clima predominantemente mediterráneo, continentalizado a causa do illamento que lle provocan as cadeas periféricas.

2.4. Demarcación Hidrográfica Cantábrico Occidental

A Demarcación Hidrográfica do Cantábrico comprende o territorio das concas hidrográficas dos ríos que verten ao mar Cantábrico desde a conca do río Eo, ata a conca do Barbadun, excluídas esta última e a interconca entre a do arroio da Sequilla e a do río Barbadun, así como todas as súas augas de transición e costeiras. Está dividida en 15 sistemas de explotación:



Figura 5: Sistemas de explotación de la Demarcación Hidrográfica Cantábrico Occidental. Fuente: Plan Hidrológico de la Demarcación Hidrográfica Cantábrico Occidental.

1. Eo
2. Porcía
3. Navia
4. Esva
5. Nalón
6. Villaviciosa
7. Sella
8. Llanes
9. Deva
10. Nansa
11. Gandarilla
12. Saja
13. Pas Miera
14. Asón
15. Agüera

Os sistemas Eo e Navia aséntanse en territorio galego e asturiano.

As precipitacións son abundantes ao longo de todo o ano, cuns valores medios anuais que oscilan entre 823 e 1.710 mm e unha media de 1.248 mm. A distribución anual das precipitacións é relativamente homoxénea, con dous máximos na primavera e outono e un mínimo estival. Esta distribución varía localmente en función da orografía, que exerce unha influencia moi importante a escala local.

3. APROVEITAMENTO HIDROLÓXICO

3.1. Presas

Segundo o SNCZI e os organismos de conca, en Galicia están atópanse as seguintes presas en explotación: En Galicia, atópanse as seguintes presas en explotación:

Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa:

NOME	CAUCE	TITULAR	PROVINCIA	TIPOLOGÍA
A PONTE	ALMOFREI	ENGASA	PONTEVEDRA	GRAVEDAD
Tamén se elaborarán informes sobre as causas, consecuencias e eficacia das accións despregadas, de calquera episodio de alerta por choivas intensas, inundacións locais ou xeneralizadas, escenarios de avaría en presas e en definitiva das alertas e emerxencias por inundacións que implicasen a activación de todo ou parte do plan especial, de tal forma que permitan a validación das informacións da Rede Hidrometeorolóxica e das previsións de evolución dos fenómenos meteorolóxicos adversos.

Toda aquela alteración no contido do Plan que afecte á organización do mesmo, deberá ser comunicada coa suficiente antelación, co fin de manter a vixencia e operatividade do mesmo. Devandito compromiso esténdese a todos os Organismos e entidades que participan no Plan.

3. INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

Dentro da fase de implantación e, en especial na fase de mantemento da operatividade organizaranse campañas informativas nas zonas de risco, para conseguir a concienciación da poboación informando sobre as medidas de autoprotección e protección necesarias en caso de emerxencia (ver anexo VIII). Estas campañas, en todo caso, deberanse facer en coordinación coas administracións locais.

Así mesmo, cando a emerxencia produciuse, transmitirase información á poboación e aos medios de comunicación social, todo iso a través do Gabinete de Información adscrito ao Comité de Dirección, na situación correspondente.

En calquera caso, as medidas contemplarán aspectos específicos para garantir a asistencia e seguridade das persoas con discapacidade e persoas en situación de vulnerabilidade.

4. FINANCIAMENTO

A finalidade do INUNGAL é coordinar os distintos organismos que, dentro do seu ámbito de competencias, teñen que desenvolver accións ante unha emerxencia por inundacións. Para iso, anualmente, destinarase unha cantidade nos orzamentos da Xunta de Galicia, suficiente para a realización das actuacións formuladas.

A aprobación do presente plan non conleva custo adicional para a Administración, posto que os orzamentos necesarios para a súa execución sairán das partidas orzamentarias establecidas para a protección civil e emerxencias en función da súa dispoñibilidade. A natureza das partidas que financian a actividade da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e da Axencia Galega de Emerxencias poden proceder de fondos da Comunidade Autónoma de Galicia, fondos europeos do FEDER ou de FEADER. Todas as actuacións conlevan o seu parte proporcional do capítulo I destes departamentos sen que impliquen novas necesidades de persoal nin incremento neste capítulo orzamentario.

ANEXO I

ANÁLISE DO RISCO: PERIGO, VULNERABILIDADE E ZONIFICACIÓN DO TERRITORIO

INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. AVALIACIÓNS PRELIMINARES DE RISCO DE INUNDACIÓN (EPRI).....	2
3. MAPAS DE PERIGOSIDADE E RISCO DE INUNDACIÓN	3
3.1. Mapas de perigosidade por inundación	3
3.2. Mapas de risco por inundación	4
4. PLANS DE XESTIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN (PXRI).....	4
4.1. Obxectivos xerais	4
4.2. Análise e clasificación das áreas potenciais de risco de inundacións con base na súa perigosidade e risco	5
5. ANÁLISE DE RISCO E ZONIFICACIÓN TERRITORIAL CONFORME Á DIRECTRIZ BÁSICA DE PLANIFICACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE O RISCO DE INUNDACIÓNS.....	13
5.1. Análise das zonas de inundacións potenciais a nivel municipal	13
5.2. Análise do risco de inundación por concello.....	14
5.3. Outras consideracións respecto ao risco.....	17
6. RELACIÓN DE ARPSI EN GALICIA.....	20
6.1. DEMARCACIÓN DO DOURO	20
6.2. DEMARCACIÓN DE GALICIA-COSTA.....	21
6.3. DEMARCACIÓN DO CANTÁBRICO OCCIDENTAL.....	42
6.4. DEMARCACIÓN DO MIÑO-SIL.....	43

1. INTRODUCCIÓN

Para os efectos deste plan especial, a identificación do risco de inundacións efectuarase de conformidade co establecido no Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación. Este real decreto establece que cada demarcación hidrográfica debe realizar unha avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI), uns mapas de perigosidade e risco de inundación e un plan de xestión do risco de inundación (PXRI) para os supostos de inundacións ocasionadas polo desbordamento de ríos, torrentes de montaña e demais correntes de auga continuas ou intermitentes, así como as inundacións causadas polo mar nas zonas costeiras e as producidas pola acción conxunta dos ríos e do mar nas zonas de transición. O Sistema nacional de cartografía de zonas inundables (SNCZI) é a referencia cartográfica para a avaliación e a delimitación das zonas con risco de inundacións.

En Galicia, os organismos responsables da Administración hidráulica (Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Confederación Hidrográfica do Cantábrico e Confederación Hidrográfica do Douro) elaboraron as respectivas avaliacións preliminares do risco de inundación, mapas de perigosidade e risco de inundación e plans de xestión dos riscos de inundación para as demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, Douro, Miño-Sil e Cantábrico.

2. AVALIACIÓNS PRELIMINARES DE RISCO DE INUNDACIÓN (EPRI)

As avaliacións preliminares de risco de inundación (en diante, EPRI) determinan aquelas zonas do territorio nas que existe un risco potencial de inundación significativo ou nas que a materialización dese risco pode considerarse probable. Establecen os limiares de risco significativo e identifican as **Áreas de Risco Potencial Significativo por Inundación** (en diante, **ARPSI**). A elaboración das EPRI realizouse conforme aos artigos 6 e 7 do Real decreto 903/2010. A metodoloxía aplicada polas administracións hidráulicas competentes baseouse na Guía metodolóxica para o desenvolvemento do Sistema nacional de cartografía de zonas inundables (SNCZI), do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama), para o que se solicitaron datos relacionados coa rede hidrográfica, topografía, ortofotografía aérea, xeomorfoloxía das zonas aluviais e torrenciais e información de inundacións históricas.

En territorio galego, na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa identificáronse **198 ARPSI** (170 fluviais e 28 costeiras), repartidas en 64 agrupacións. A Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil identificou en Galicia **200 ARPSI**, repartidas en 18 agrupacións. A Demarcación Hidrográfica do Cantábrico identificou **4 ARPSI** e a Demarcación Hidrográfica do Douro **1 ARPSI** con tres tramos.

Os resultados presentados correspóndense con:

- Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa: EPRI ciclo 2021-2027
- Demarcación Hidrográfica Miño-Sil: EPRI ciclo 2022-2027
- Demarcación Hidrográfica do Cantábrico: EPRI ciclo 2022-2027
- Demarcación Hidrográfica do Douro: EPRI ciclo 2021-2022

Con respecto ás EPRI do ciclo anterior realizadas por cada unha das demarcacións hidrográficas, producíronse cambios na caracterización das ARPSI. As novas análises de risco realizadas, implican nalgún caso a eliminación da ARPSI debido á non existencia de risco, a inclusión de novas ARPSI, a modificación de trazados, un aumento ou unha diminución do risco en función da modificación dos parámetros de cálculo...etc.

No caso da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, identifícanse 2 ARPSI fluviais novas e elimínanse 14 ARPSI costeiras.

Na Demarcación Hidrográfica Miño-Sil caracterízanse 27 ARPSI novas e elimínase 1.

Nas Demarcacións Hidrográficas do Cantábrico e do Douro, non se caracterizan novas ARPSI, realízase unha nova análise de risco das existentes.

A selección dun tramo como ARPSI non implica necesariamente a execución de medidas estruturais de protección, pero si o desenvolvemento dunha caracterización detallada da súa perigosidade e risco de inundación que, en primeiro lugar, permita confirmar a magnitude do problema e, en segundo lugar, sirva como punto de partida para a formulación de solucións, entre as que deben primar as actuacións non estruturais.

3. MAPAS DE PERIGOSIDADE E RISCO DE INUNDACIÓN

3.1. Mapas de perigosidade por inundación

De conformidade co artigo 8 do Real decreto 903/2010, cada demarcación hidrográfica elaborou mapas de perigosidade por inundación para as zonas determinadas conforme ás EPRI para os seguintes **escenarios**:

- A) Alta probabilidade de inundación (período de retorno menor a 10 anos).
- B) Probabilidade media ou ocasional de inundación (período de retorno maior ou igual a 100 anos).
- C) Probabilidade baixa ou excepcional de inundación (período de retorno igual a 500 anos).

Os mapas conteñen, para cada período de retorno, a seguinte información:

- A) Extensión previsible da inundación e calados de auga ou nivel de auga, segundo proceda.

D) Información adicional relevante, como os caudais e/ou as velocidades máximas alcanzadas pola corrente na zona inundable, naqueles casos considerados necesarios.

E) O réxime de ondada e de mareas, así como as zonas sometidas a procesos erosivos e as tendencias na suba do nivel medio do mar como consecuencia do cambio climático, nas inundacións causadas polas augas costeiras.

F) Adicionalmente, representouse a delimitación das canles públicas e das zonas de servidume e policía, a zona de fluxo preferente, a delimitación da zona de dominio público marítimo-terrestre, a ribeira do mar en caso de que difira daquela e a súa zona de servidume de protección.

3.2. Mapas de risco por inundación

Ao igual que para os mapas de perigosidade, e segundo o disposto polo artigo 9 do Real decreto 903/2010, as demarcacións hidrográficas elaboraron os mapas de risco de inundación para as zonas identificadas na avaliación preliminar do risco de inundación. Os mapas de risco de inundación incluíron, como mínimo, a seguinte información para cada un dos escenarios:

- Poboación afectada.
- Actividades económicas.
- Puntos de especial importancia.
- Áreas de importancia ambiental.

A información recollida nos mapas de perigosidade e de risco de inundación está recollida no **Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables (SNCZI)**.

4. PLANS DE XESTIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN (PXRI)

4.1. Obxectivos xerais

O obxectivo dos plans de xestión do risco de inundación (en diante, PXRI) é, para aquelas zonas determinadas na avaliación preliminar do risco, conseguir que non se incremente o risco de inundación actualmente existente e que, no posible, se reduza a través dos distintos programas de actuación. Estes programas deberán ter en conta todos os aspectos da xestión do risco de inundación e centrarse na prevención, protección e preparación, o que inclúe a previsión de inundacións e os sistemas de alerta temperá. Os obxectivos xerais, e a tipoloxía de medidas para alcanzalos, recollidos nos plans de xestión de risco de inundación de cada demarcación hidrográfica son os seguintes:

- Incrementar a percepción do risco de inundación e das estratexias de autoprotección na poboación por parte dos axentes sociais e económicos.

- Mellorar a coordinación administrativa entre todos os actores involucrados na xestión do risco.
- Mellorar o coñecemento para a axeitada xestión do risco de inundación.
- Mellorar a capacidade predictiva ante situacións de avenida e inundacións.
- Contribuír a mellorar a ordenación do territorio e a xestión da exposición nas zonas inundables.
- Conseguiŕ unha redución, na medida do posible, do risco a través da diminución da perigosidade para a saúde humana, as actividades económicas, o patrimonio cultural e o medio ambiente nas zonas inundables.
- Mellorar a resiliencia e diminuír a vulnerabilidade dos elementos situados nas zonas inundables.
- Contribuír á mellora ou ao mantemento do bo estado das masas de auga a través da mellora das súas condicións hidromorfolóxicas.

4.2. Análise e clasificación das áreas potenciais de risco de inundacións con base na súa perigosidade e risco

A metodoloxía utilizada polas demarcacións hidrográficas baseouse na selección daqueles parámetros que se considera que determinan, en maior medida, a existencia de perigosidade e risco de inundación e sobre os que se dispón de información suficiente para poder realizar a valoración sen a necesidade de levar a cabo novos estudos.

Estes parámetros ou variables son, para o caso da **perigosidade**, a **superficie inundada**, os **calados** e **velocidades**, o **tempo de concentración da conca**, o **transporte de sedimentos** e os **obstáculos existentes na canle**. Á perigosidade global obtida aplicóuselle un factor de corrección segundo o grao de regulación da conca. Para o caso do risco, as variables seleccionadas foron a **poboación afectada**, as **actividades económicas** afectadas (diferénciase a superficie afectada e danos producidos), os **puntos de especial importancia** e as **áreas de importancia ambiental**.

Cada un dos parámetros, en cada **escenario de probabilidade (T=10 anos, T=100 anos e T=500 anos)**, valorouse nunha escala de **cinco categorías**, en función de se a afección é moi grave, en cuxo caso se lle asignaron 5 puntos; grave, 3 puntos; moderado, 2 puntos; leve, 1 punto ou 0, sen afección. Estes criterios foron en ocasións de tipo cuantitativo e noutras de tipo cualitativo.

PARÁMETROS UTILIZADOS NOS PLANS DE XESTIÓN DE RISCO DE INUNDACIÓN PARA CADA ESCENARIO DE PROBABILIDADE (T=10 anos, T=100 anos e T=500 anos)

GRAO DE AFECCIÓN	VALORACIÓN
5	MOI GRAVE
3	GRAVE
2	MODERADO
1	LEVE
0	SEN AFECCIÓN

Táboa 1. Parámetros utilizados nos plans de xestión de risco de inundación para cada escenario de probabilidade.

4.2.1. Caracterización da perigosidade nos plans de xestión do risco de inundación (PXRI)

a) Superficie inundada

Para a estimación da superficie inundada (km²) exclúese a canle do río, e restóuselle ao polígono da zona inundable a superficie que corresponde á proposta de delimitación do dominio público hidráulico. A categorización desta variable realizouse segundo os limiares mostrados na seguinte táboa:

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
Superficie inundada (km ²)	>15 km ²	Moi grave	5
	5-15 km ²	Grave	3
	3-5 km ²	Moderado	2
	<3 km ²	Leve	1
	0 km ²	Sen afección	0

Táboa 2. Categorización da variable: *superficie inundada*.

b) Calado e velocidades

Os calados e as velocidades considerados son os valores medios destas variables hidráulicas na zona inundada, descontando a estimación do dominio público hidráulico. Para a categorización destas variables tívose en conta tanto a definición de zona de fluxo preferente (ZFP) como a estimación do risco para vidas humanas en función do calado e da velocidade en áreas de vivendas/núcleos urbanos (*Guía técnica de clasificación de presas en función do risco potencial*. Ministerio de Medio Ambiente, 1996).

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
Calados e velocidades na	$h > 1,5 \text{ m}$ ou $v > 2 \text{ m/s}$ ou $h \cdot v > 3 \text{ m}^2/\text{s}$	Moi grave	5
	$h > 1 \text{ m}$ ou $v > 1 \text{ m/s}$ ou $h \cdot v > 0,5 \text{ m}^2/\text{s}$	Grave	3

zona inundada	$0,25 \leq h \leq 1$	Moderado	2
h (m) e v (m/s)	$0 < h < 0,25$	Leve	1
	0	Sen afección	0

Táboa 3. Categorización das variables: *calado e velocidades*.

c) Tempo de concentración ou resposta

O concepto de tempo de concentración está asociado ao tempo de resposta da conca ante unha avenida e, polo tanto, ao tempo de que dispón Protección Civil, de acordo coa predición meteorolóxica e hidrolóxica, para lles dar os oportunos avisos ás administracións competentes e á poboación, e así adoptar as medidas oportunas para que os danos sexan o menores posibles, e será maior a afección canto menor é o tempo de concentración.

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
Tempo de concentración e/ou resposta	$T_c \leq 1$ h	Moi rápido	5
	1 h $< T_c < 12$ h	Rápido	3
	12 h $\leq T_c < 24$ h	Moderado	2
T _c (h)	$T_c \geq 24$ h	Lento	1
	0	Sen afección	0

Táboa 4. Categorización da variable: concentración ou resposta.

d) Capacidade erosiva e de transporte de sedimentos

Nunha avenida, a capacidade de arrastre da corrente e o tipo de material que se mobiliza son determinantes nas consecuencias negativas asociadas, e estas son moi graves no caso de avenidas de tipo torrencial (regueiros de montaña, torrentes, corgas etc.), nas que ademais se adoitan dar unha serie de circunstancias que agravan a situación, como son tempos de concentración reducidos, alta capacidade erosiva, dificultade de previsión, formación e colapso de presas naturais e artificiais, obstrucións etc. A valoración realizada foi de tipo cualitativo e tomáronse en consideración aspectos como a pendente, a localización do tramo (alto / medio / baixo), o material do leito, a presenza de erosión, a existencia de regulación etc.

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección
----------------	------------------	-------------------------------

Capacidade erosiva e de transporte de sedimentos	Tramos de cabeceira, pendentes moi elevadas (>5 %). Abanos en fondo de val ou torrenciais. Zonas de perda de confinamento. Presenza de grandes bloques na canle. Zonas erosivas importantes, con fluxos tractivos e/ou correntes de depósitos	Moi alto	5
	Tramos de cabeceira, pendentes elevadas (<5 %). Posibilidade de existencia de abanos en fondo de val ou torrenciais. Presenza de bloques na canle.	Alto	3
	Tramos medios. 1,5 % ≥ Pendente ≥ 1 %. Depósito inicial de materiais aluviais. Presenza maioritaria de materiais limosos, arxilosos e areentos. Posible aparición de meandros e trezados. Transporte en suspensión principalmente.	Medio	2
	Tramos medios e baixos. Pendente <1 %. Fondo e beiras de areas, limos e arxilas. Posible presenza de meandros. Transporte en suspensión.	Baixo	1

Táboa 5. Categorización da variable: *concentración ou resposta*.

e) Obstáculos na canle

A afección que a presenza de obstáculos supoña nun determinado tramo vai depender da tipoloxía do obstáculo, da súa capacidade de desaugamento, da súa localización ou do seu estado de conservación. A valoración deste aspecto será cualitativa.

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
Obstáculos na canle	Existencia de numerosos cruzamentos de infraestruturas viarias de pequena entidade resoltos mediante obras de escasa capacidade. Presenza de numerosas presas e pequenas presas con pouca capacidade de desaugamento e/ou deficiente estado de conservación. Actuacións de urbanismo e infraestruturas asociadas susceptibles de constrinxir/desviar a corrente de forma significativa.	Moi alto	5
	Existencia de cruzamentos de infraestruturas viarias de pequena entidade resoltos mediante obras de escasa capacidade. Presenza de presas e pequenas presas con pouca capacidade de desaugamento e/ou deficiente estado de conservación. Actuacións de urbanismo e infraestruturas asociadas susceptibles de constrinxir/desviar a corrente.	Alto	3
	Presenza de presas, obras de paso, urbanismo e infraestruturas asociadas que limitan de forma puntual a capacidade de desaugamento da canle.	Medio	2
	Presenza dalgunhas presas ou obras de paso en bo estado que apenas limitan a capacidade de desaugamento da canle.	Baixo	1
	Non existen obstáculos significativos no tramo.	Sen afección	0

Táboa 6. Categorización da variable: *obstáculo na canle*.

f) Grao de regulación da conca vertente na ARPSI

Os mapas de perigosidade, como regra xeral, foron calculados considerando o réxime de caudais existente e a situación dos encoros do lado da seguridade; isto é, con cotas do encoro altas, normalmente o nivel máximo normal ou o que se estableceu nas normas de explotación destes e nos seus anexos asociados. Ante unha eventual situación de inundación, é probable que estes encoros, ademais da laminación de avenidas que de forma natural realizan (xa considerada nos mapas de perigosidade), realizarán unha laminación adicional ao non se encontrar habitualmente ás cotas elevadas supostas nestes mapas. As demarcacións hidrográficas, polo tanto, introduciron unha corrección á perigosidade calculada, diminuíndoa naqueles casos nos que a conca estea regulada por encoros. A categorización é a seguinte:

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
Grao de regulación da conca	ARPSI en tramo non regulado.	Sen corrección	0
	Existencia de encoros augas arriba con escasa capacidade de almacenamento e/ou importante superficie da conca non regulada, de forma que os encoros existentes apenas producen efectos adicionais á laminación intrínseca derivada dos seus órganos de desaugamento.	Escasa	1
	Existencia de encoros augas arriba con mediana capacidade de almacenamento e/ou importante superficie da conca regulada, de forma que os encoros existentes producen unha laminación adicional moderada respecto á laminación intrínseca derivada dos seus órganos de desaugamento.	Moderado	2
	ARPSI augas abaixo de encoros con gran capacidade de almacenamento, niveis de encoro ordinarios habitualmente inferiores ao nivel máximo normal, con capacidade de almacenar un volume significativo da avenida estudada.	Significativa	3
	ARPSI augas abaixo de encoros hiperanuais, con gran capacidade de almacenamento, niveis de encoro ordinarios habitualmente moi inferiores ao nivel máximo normal, con capacidade de almacenar un volume importante da avenida estudada.	Importante	5

Táboa 7. Categorización da variable: *grao de regulación da conca vertente na ARPSI*.

Para a estimación da perigosidade global, os pesos asignados a cada variable foron os seguintes: superficie inundada (40 %), calados e superficies (20 %), tempo de concentración (20 %), capacidade erosiva e de transporte de sedimentos (10 %), obstáculos na canle (10 %) e factor corrector por grao de regulación (-20 %). Os datos completos da caracterización da perigosidade quedan recollidos nos anexos dos plans de xestión do risco de inundación (PXRI).

4.2.2. Caracterización do risco nos plans de xestión do risco de inundación

a) Poboación afectada

O dato que convén valorar neste caso é o número de habitantes na zona inundable, información que se pode extraer dos mapas de risco. Establecéronse os seguintes limiares:

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
Poboación afectada (Habitantes en zonas inundables)	>10.000 hab.	Moi grave	5
	500 - 10.000 hab.	Grave	3
	50 - 500 hab.	Moderado	2
	0 - 50 hab.	Leve	1
	0	Sen afección	0

Táboa 8. Valores limiares da variable: *poboación afectada*.

b) Actividades económicas

Na valoración desta variable recóllense a superficie de actividade económica afectada e os danos producidos, que dependen en boa medida da tipoloxía da actividade. A información para cumprir este apartado foi de tipo cuantitativo e atendéronse os datos recollidos na ficha de caracterización para cada escenario de probabilidade. Para a categorización desta variable tívose en conta tanto a superficie afectada como a estimación económica (danos), e aplicáronse os seguintes limiares:

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
Actividades económicas. Superficie afectada SA (Has)	SA > 2.000 ha	Moi grave	5
	500 Ha < SA < 2.000 ha	Grave	3
	5 Ha < SA < 500 ha	Moderado	2
	SA < 5 ha	Leve	1
	SA = 0 ha	Sen afección	0

Táboa 9. Valores limiares (ha) da variable: *actividades económicas*.

Característica	Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
Actividades económicas. Danos económicos DA (euros)	> 30.000.000 €	Moi grave	5
	3.000.000 - 30.000.000 €	Grave	3
	300.000 - 3.000.000 €	Moderado	2
	< 300.000 €	Leve	1
	0 €	Sen afección	0

Táboa 10. Valores limiares (€) da variable: *actividades económicas*.

c) Puntos de especial importancia

Refírese tanto ás instalacións que en caso de inundación poden producir contaminación accidental, instalacións afectadas pola lexislación de prevención e control integrado da contaminación (IPPC), estacións depuradoras de augas residuais (EDAR), así como infraestruturas viarias, infraestruturas clave para protección civil ou elementos do patrimonio que poidan verse afectados pola inundación. A valoración desta variable debe ser cualitativa en función da importancia, categoría e número de puntos de importancia afectados e, dentro de cada categoría, das características deste. Os limiares foron os seguintes:

Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
En xeral, consideraranse nesta categoría cando se identifiquen, para cada escenario, afeccións graves ou moi graves de varias destas categorías: industrias IPPC, EDAR de alta importancia, infraestruturas de transporte esenciais, instalacións sociosanitarias e/ou sobre o patrimonio cultural.	Moi grave	5
En xeral, consideraranse nesta categoría cando se identifiquen, para cada escenario, afeccións graves ou moi graves nalgunha destas categorías: industrias IPPC, EDAR de alta importancia, infraestruturas de transporte esenciais, instalacións sociosanitarias, sobre o patrimonio cultural.	Grave	3
En xeral, consideraranse nesta categoría cando se identifiquen, para cada escenario, afeccións graves ou moi graves nalgunha destas categorías: EDAR, infraestruturas de transporte, instalacións sociosanitarias, sobre o patrimonio cultural e/ou outros elementos de protección civil.	Moderado	2
En xeral, consideraranse nesta categoría cando se identifiquen, para cada escenario, varias afeccións leves ou algunha grave nalgunha destas categorías: EDAR, infraestruturas de transporte, instalacións sociosanitarias, sobre o patrimonio cultural e/ou outros elementos de protección civil.	Leve	1
Sen afección a puntos de especial importancia.	Sen afección	0

Táboa 11. Valores limiares da variable: *puntos de especial importancia*.

d) Áreas de importancia ambiental

Tívoise en conta o establecido no artigo 9.d) do Real decreto 903/2010. Valorouse o dano que a inundación podería provocar sobre os bens anteriores e a degradación que este evento podería provocar sobre os valores ambientais do tramo.

Valores limiares	Valoración / Grao de afección	
A inundación afecta, para cada escenario, industrias IPPC, EDAR de alta importancia ou outras infraestruturas, que poderían causar unha grave deterioración do estado do tramo, e que están ademais en zonas protexidas e son masa de auga da DMA. A recuperación necesitará de medidas correctoras importantes e de lenta recuperación.	Moi grave	5
A inundación afecta, para cada escenario, industrias IPPC, EDAR de alta importancia ou outras infraestruturas, que poderían causar unha deterioración do estado do tramo, e que están ademais en zonas protexidas e son masa de auga da DMA. A recuperación necesitará de medidas correctoras.	Grave	3
A inundación afecta, para cada escenario, industrias IPPC, EDAR ou outras infraestruturas, que podería causar unha deterioración, do estado do tramo e que son masa de auga da DMA.	Moderado	2
Na zona inundable non existe ningún elemento afectado que poida degradar o estado do río, a ARPSI pode estar en zonas protexidas e ser masa de auga da DMA, a inundación pode producir unha leve deterioración do estado debido a circunstancias naturais e puntuais durante o evento de fácil recuperación.	Leve	1
Na zona inundable non existe ningún elemento afectado que poida degradar o estado do río. A ARPSI non está en zonas protexidas e tampouco é masa de auga da DMA.	Sen afección	0

Táboa 12. Valores limiares da variable: *Áreas de importancia ambiental*.

Para a estimación do risco global, os pesos asignados a cada variable foron os seguintes: poboación afectada (30 %), actividades económicas (superficie) (15 %), actividades económicas (danos) (30 %), puntos de importancia (20 %) e áreas de importancia ambiental (20 %). Os datos completos da caracterización do risco quedan recollidos nos anexos dos plans de xestión do risco de inundación (PXRI)

4.2.3. Diagramas de dispersión dos plans de xestión do risco de inundación (PXRI)

Para a estimación da perigosidade e risco globais asociados aos distintos escenarios de probabilidade, os plans de xestión do risco de inundación outorgáronlle a cada parámetro un peso que ponderou a influencia do devandito parámetro na valoración global. A maiores, e a partir da ponderación global relativa á perigosidade e ao risco das diversas ARPSI, establecéronse diagramas de dispersión de perigosidade-risco, divididos en catro cuadrantes (perigosidade alta e risco alto, perigosidade media-baixa e risco alto, perigosidade alta e risco medio-baixo e perigosidade media-baixa e risco medio-baixo), para tramos de ARPSI ou agrupacións de ARPSI, segundo sexa o

Plan de xestión do risco de inundación respectivo, e para o establecemento do programa de medidas do seu ámbito de aplicación.

5. ANÁLISE DE RISCO E ZONIFICACIÓN TERRITORIAL CONFORME Á DIRECTRIZ BÁSICA DE PLANIFICACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

5.1. Análise das zonas de inundacións potenciais a nivel municipal

A análise das zonas inundables, de acordo coa directriz básica, ten como finalidade a identificación e a clasificación de zonas inundables do territorio, neste caso no ámbito municipal, segundo os criterios seguintes:

- **Zona de inundación frecuente:** zonas inundables para avenidas de período de retorno de 50 anos.
- **Zonas de inundación ocasional:** zonas inundables para avenidas de período de retorno entre 50 anos e 100 anos.
- **Zonas de inundación excepcional:** zonas inundables para avenidas de período de retorno entre 100 e 500 anos.

En aplicación do Real decreto 903/2010, seleccionáronse os criterios establecidos polo artigo 8 e 9 utilizados polas demarcacións hidrográficas para os escenarios de perigosidade e risco de inundación:

- **Zona de alta probabilidade de inundación:** zonas inundables para avenidas de período de retorno menor a 10 anos.
- **Zonas de inundación ocasional:** zonas inundables para avenidas de período de retorno maior ou igual a 100 anos.
- **Zonas de inundación excepcional:** zonas inundables para avenidas de período de retorno igual a 500 anos.

A análise das áreas potenciais de risco de inundacións realizada polas demarcacións hidrográficas determinou os puntos conflictivos e a localización das áreas potencialmente afectadas por fenómenos xeolóxicos asociados a precipitacións e avenidas. Considéranse puntos conflictivos aqueles en que, a consecuencia das modificacións exercidas polo home no medio natural ou debido á propia xeomorfoloxía do terreo, poden producirse situacións que agraven de forma substancial os riscos ou os efectos da inundación. Tivéronse especialmente en conta os puntos das canles polas que, en caso de avenida, discorren caudais desproporcionados á súa capacidade, e aqueles tramos das vías de comunicación que poidan verse afectados polas augas. No que se refire aos fenómenos xeolóxicos, tivéronse en consideración, polo menos, os riscos de xeración de movementos de aba ou de aceleración dos movementos xa existentes, coa identificación das áreas afectadas.

Para os efectos deste plan especial, asignóuselle á valoración da ponderación da perigosidade e do risco global de cada ARPSI, identificada e seleccionada por cada demarcación hidrográfica, os seguintes valores conforme ao grao de afección e valoración preestablecido nos plans de xestión do risco de inundación (PXRI) para cada tempo de retorno (T=10 anos, T=100 anos e T=500 anos):

PARÁMETROS UTILIZADOS NOS PLANS DE XESTIÓN DE RISCO DE INUNDACIÓN PARA CADA ARPSI	
Grao de afección	VALOR
5	MOI GRAVE
3	GRAVE
2	MODERADO
1	LEVE
0	SEN AFECCIÓN

Táboa 13. Ponderación da perigosidade e do risco global de cada ARPSI.

Unha vez aplicado o valor correspondente para cada ARPSI para cada tempo de retorno, agrupáronse as ARPSI por municipios. A partir da información da **ponderación da perigosidade global** para o conxunto das ARPSI de cada municipio delimitáronse as zonas de inundacións potenciais ou afectados por fenómenos asociados en municipios con zonas de **alta probabilidade** de inundación (T=10 anos), municipios con zonas de inundación **ocasional** (T=100 anos) e municipios con zonas de inundación **excepcional** (T=500 anos).

5.2. Análise do risco de inundación por concello

A análise de riscos por inundacións no eido municipal ten por obxectivo a clasificación das zonas inundables en función do risco e da estimación, na medida do posible, das afeccións e danos que poidan producirse pola ocorrencia das inundacións no ámbito territorial da planificación, coa finalidade de prever diversos escenarios de estratexias de intervención en casos de emerxencia.

170 concellos teñen no seu territorio ARPSI. Son os seguintes:

PROVINCIA	CONCELLOS
A CORUÑA 62	A Coruña, A Pobra do Caramiñal, Ames, Arteixo, As Pontes, Bergondo, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerdido, Coirós, Coristanco, Culleredo, Dodro, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Melide, Miño, Muros, Muxía, Narón, Neda, Negreira, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Paderne, Padrón, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Sada, Santiago de Compostela, Teo, Tordoia, Touro, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vimianzo, Zas.
LUGO 35	A Pastoriza, A Pobra de Brollón, A Pontenova, Alfoz, As Nogais, Barreiros, Begonte, Bóveda, Burela, Castro de Rei, Cervo, Chantada, Cospeito, Foz, Guitiriz, Lán cara, Lourenzá, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Muras, Navia de Suarna, O Páramo, Pantón, Pol, Quiroga, Ribadeo, Ribas de Sil, Riotorto, Samos, Sarria, Vilalba, Viveiro, Xove.
OURENSE 30	A Bola, A Rúa, Allariz, Baños de Molgas, Barbadás, Beade, Carballeda de Avia, Cenlle, Leiro, Lobios, Maceda, Maside, Monterrei, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Oímbra, Ourense, Porqueira, Rairiz de Veiga, Ribadavia, Rubiá, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Taboadela, Trasmirás, Verín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia,.
PONTEVEDRA 43	A Estrada, A Guarda, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Catoira, Cuntis, Gondomar, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontecesures, Pontevedra, Portas, Redondela, Ribadumia, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Sanxenxo, Tomiño, Tui, Valga, Vigo, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.

Táboa 14. Concellos que teñen no seu territorio ARPSI.

Para a análise do risco débense considerar como mínimo, ademais da poboación potencialmente afectada, todos aqueles elementos (edificios, instalacións, infraestruturas e elementos naturais ou ambientais) situados en zonas de perigo que, de resultaren alcanzados pola inundación ou polos efectos de fenómenos xeolóxicos asociados, poida producir vítimas, interromper un servizo imprescindible para a comunidade ou dificultar gravemente as actuacións de emerxencia. Na estimación da vulnerabilidade destes elementos, débense ter en conta as súas características, as zonas de perigo en que se encontran situados e, sempre que sexa posible, as magnitudes hidráulicas que definen o comportamento da avenida de que se trate, principalmente: calado das augas, velocidade destas, caudal sólido

asociado e duración da inundación. Estes parámetros xa foron estimados, de conformidade co Real decreto 903/2010, polas demarcacións hidrográficas coa caracterización do risco e da perigosidade das ARPSI. Coa información obtida da ponderación do risco global de cada ARPSI, as zonas inundables por municipios clasificáronse por razón do risco da forma seguinte:

- **CONCELLOS CON RISCO ALTO:**

- **Perigosidade alta e risco alto:** os concellos con ARPSI que posúe valores elevados tanto de perigosidade coma de risco deberán elaborar o plan de actuación municipal para este risco. Hai unha ARPSI no ámbito de aplicación do plan con estas características, o subtramo ES014-CP-05-02-11-16, da ARPSI Río Ulla e Río Sar – Padrón, que afecta aos concellos de Padrón, Valga, Pontecesures, Catoira, Dodro e Rianxo.

- **CONCELLOS CON RISCO MEDIO:**

- **Perigosidade media-baixa e risco alto:** os concellos con ARPSI deste tipo, debido á existencia dunha importante poboación e/ou actividades económicas situadas en zona inundable, deben elaborar o plan de actuación municipal correspondente. Os concellos son: A Rúa, Barbadás, Beade, Cabana, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Carballeda De Avia, Cenlle, Culleredo, Leiro, Lugo, Monterrei, O Barco de Valdeorras, Ourense, Ponteceso, Portas, Ribadavia, Ribadumia, Sarria, Verín, Vigo, Vilamartín de Valdeorras, Vilanova de Arousa, Vimianzo, Xinzo de Limia e Zas.
- **Perigosidade alta e risco medio-baixo:** neste cuadrante sitúanse as ARPSI que, a pesar de localizarse en zonas cuxas características actuais non presentan especial risco, posúen unha caracterización da perigosidade elevada: superficie inundada, tempo de resposta etc. No ámbito de aplicación do plan, correspóndense con ARPSI costeiras da demarcación Galicia-Costa, e coas ARPSI da demarcación do Cantábrico situadas en Galicia. Os concellos que teñen ARPSI con estas características son A Coruña, A Pontenova, As Nogais, Baiona, Camariñas, Cambre, Cervo, Culleredo, Gondomar, Laxe, Navia de Suarna, Nigrán, Oleiros, Riotorto, Viveiro e Xove. Todos eles deben elaborar o correspondente plan de actuación municipal.

- **CONCELLOS CON RISCO BAIXO**

- **Perigosidade media-baixa e risco medio-baixo:** as medidas previstas para estas ARPSI son fundamentalmente de tipo urbanístico. Os concellos con ARPSI destas características, son os seguintes: A Estrada, A Guarda, A Pastoriza, A Pobra do Caramiñal, Alfoz, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baños de Molgas, Barreiros, Barro, Begonte, Bergondo, Betanzos, Brión, Bueu, Burela, Cangas, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Castro de Rei, Cedeira, Cee, Cerdido, Coirós, Coristanco, Cospeito, Cuntis, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Foz, Grove, Lobios, Lourenzá, Maceda, Malpica, Meira, Melide,

Moaña, Mondariz Balneario, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Mos, Muros, Muxía, Narón, Neda, Negreira, Noia, O Porriño, Oia, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Paderne, Pantón, Poio, Ponte Caldelas, Pontearreas, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Quiroga, Redondela, Ribadeo, Ribeira, Rois, Sada, Salceda de Caselas, Samos, Santiago de Compostela, Sanxenxo, Teo, Tomiño, Tordoia, Tui, Valdoviño, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa.

- **CONCELLOS CON RISCO MOI BAIXO**

- Concellos que teñen no seu territorio ARPSI non incluídas nos grupos anteriores. As medidas previstas para estas ARPSI son o control dos usos do solo. Os concellos con ARPSI destas características son: A Bola, A Pobra de Brollón, Boiro, Boqueixón, Bóveda, Chantada, Guitiriz, Lán cara, Marín, Maside, Mazaricos, Meaño, Meis, Miño, Mondariz, Muras, O Carballiño, O Páramo, O Rosal, Oímbra, Pazos de Borbén, Pol, Porqueira, Rairiz de Veiga, Ribas de Sil, Rubiá, Salvaterra do Miño, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Taboadela, Touro, Trasmirás, Val do Dubra, Vedra, Vila de Cruces, Vilalba, Vilar de Barrio e Vilar de Santos.

Para os concellos que teñan no seu territorio ARPSI no que o produto de $Pg \times RG \geq 4$, recoméndase a redacción do correspondente plan de actuación municipal.

5.3. Outras consideracións respecto ao risco

Os estudos levados a cabo para a determinación das ARPSI, contemplan as inundacións por escorrentía, avenida ou desbordamento de canles, provocada ou potenciada por outros factores como son as precipitacións ou a acción das mareas.

Na costa galega as mareas vivas poden chegar aos 3,5 metros, con pequenas variacións locais que dependen da forma da costa. Doutra banda, a Galicia costeira se caracteriza por encontrarse moi urbanizada, e na que, en no poucos casos, se entubaron as canles dos ríos.

As precipitacións en Galicia se caracterizaron desde sempre pola súa mediana intensidade e persistencia no tempo, o que conlevaba unha saturación do solo e posterior escorrentía. Aínda sen coñecer o alcance do cambio climático, na última década se constata un incremento dos fenómenos do tipo de cicloxénesis explosiva, con choiva e ventos moi fortes e de formación moi rápida. A precipitación é de grande intensidade e de pequena duración, o solo non ten tempo de saturarse, e pódese producir escorrentía de tipo torrencial.

Por outro lado, os deseños da rede de pluviais deben axustarse aos parámetros establecidos nas distintas instrucións de carácter técnico, como a IOIH, pero, ante fenómenos de estas características, demóstranse nalgúns casos insuficientes. Tamén sucede que, tras períodos prolongados de choiva, con intensidades medias, por acumulación de factores (acción das mareas, deficiencias na rede, urbanización

inadecuada) se produzan inundacións en lugares onde no se teñen datos de históricos.

A directriz básica establece que a planificación de protección civil debe contemplar tamén as inundacións por precipitacións "in situ", definidas como inundacións locais producidas por choivas moi intensas, que poden afectar a calquera punto do territorio, destacando pola súa gravidade as producidas en entornos urbanos, sobre todo despois dun período prolongado sen choivas por falta de limpeza das cunetas e os desaugues, e que se ven aínda máis agravadas co concurso de pleamar en zonas costeiras.

Ao efecto de coñecer as zonas de maior risco por precipitacións "in situ", realizouse un estudo dos rexistros de incidencias por inundacións no CIAE 112 durante os últimos 10 anos para coñecer os concellos máis sensibles ás inundacións deste tipo, constatando que son os núcleos urbanos e as zonas de costa as máis afectadas polas inundacións derivadas de precipitación intensa.

Polo tanto, ademais dos concellos que deben realizar PAM por mor dos estudos das ARPSI, deben contar con este instrumento de planificación os seguintes concellos: Ferrol, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa.

Outros concellos onde se recomenda a elaboración do PAM son: Arteixo, Cangas, Pontearreas, Ribeira, Redondela e Sada.

PROVINCIA	PAM OBRIGATORIO		PAM RECOMENDADO	
A Coruña 37	A Coruña Cabana Camariñas Cambre Culleredo Dodro Ferrol Laxe	Oleiros Padrón Ponteceso Santiago de Compostela Rianxo Vimianzo Zas	Arteixo Bergondo Betanzos Brión Carballo Cariño Carnota Cedeira Cee Cerdido Coirós	Fene Malpica de Bergantiños Muros Narón Neda Ordes Paderne Ribeira Roís Sada Valdoviño
		15		22
Lugo 18	A Pontenova As Nogais Cervo Lugo Navia de Suarna	Riotorto Sarria Viveiro Xove	Alfoz Burela Castro de Rei Cospeito Foz	Lourenzá Mondoñedo Monforte de Lemos Ribadeo
		9		9
Ourense 15	A Rúa Barbadás Beade Carballada de Avia Cenlle Leiro Monterrei	O Barco de Valdeorras Ourense Ribadavia Verín Vilamartín de Valdeorras Xinzo de Limia	Baños de Molgas	Allariz
		13		2
Pontevedra 26	Baiona Caldas de Reis Cambados Catoira Gondomar Nigrán Pontecesures Ribadumia	Pontevedra Portas Valga Vilagarcía de Arousa Vigo Vilanova de Arousa	Barro Bueu Cangas Cuntis Mos O Porriño Oia	Ponteareas Redondela Tomiño Tui Vilaboa
		14		12
TOTAL		51		45

Táboa 15. Concellos onde hai obriga ou se recomenda a elaboración do PAM.

6. RELACIÓN DE ARPSI EN GALICIA

6.1. DEMARCACIÓN DO DOURO

ARPSI N.º	NOME DA ARPSI	PROVINCIA	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
						T = 10	T = 100	T = 500
CÓDIGO TRAMO	DESCRICIÓN DO TRAMO	CONCELLOS	Km					
ES020/0001	TÁMEGA – BUBAL	OURENSE	6,66					
01-1800049-01	Zona entre A Pousa e Verín	VERÍN, MONTERREI	4,86	2,1	3,2	ALTO	ALTO	ALTO
01-1800049-02	Rabal (arroyo Regueirón)	OÍMBRA	0,61	1,8	1,3	BAIXO	BAIXO	BAIXO
01-1800124-01	Vilaza	MONTERREI	1,19	1,7	1,8	BAIXO	BAIXO	BAIXO

6.2. DEMARCACIÓN DE GALICIA-COSTA

ARPSI FLUVIAIS:								
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
CÓDIGO SUBTRAMO	DESCRICIÓN DO SUBTRAMO	CONCELLOS	Km	PG	RG	T = 10	T = 100	T = 500
ES014-CL-13-02-03	Eume – As Pontes	AS PONTES	10,72	1,3	2,4			
ES014-CL-13-02-03-01	Río Eume	AS PONTES	6,04	1,2	2,5	MEDIO	MEDIO	MEDIO
ES014-CL-13-02-03-02	Río Chamoselo	AS PONTES	1,89	1,8	1,7	BAIXO	BAIXO	BAIXO
ES014-CL-13-02-03-03	Río Maciñeira	AS PONTES	0,93	1,2	0,3	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
ES014-CL-13-02-03-04	Canle 4 - Endesa	AS PONTES	1,87	1,1	0,7	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
ES014-CL-13-02-04	Muras	MURAS	0,41	1,9	0,5	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
ES014-CO-05-01-01	Rego de Listres – Aguiño	RIBEIRA	0,81	2,3	1,4			
CÓDIGO SUBTRAMO	DESCRICIÓN DO SUBTRAMO	CONCELLOS	Km	PG	RG	T = 10	T = 100	T = 500
ES014-CO-05-01-01-01	Rego de Listres	RIBEIRA	0,53	2,3	0,7	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO

ES014-CO-05-01-01-02	Río Paxariños	RIBEIRA	0,28	2,3	1,0	MOI BAIXO	BAIXO	BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
						T = 10	T = 100	T = 500
ES014-CO-05-01-02	Rego da Mámoa – Ribeira	RIBEIRA	0,53	2,2	0,8	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
ES014-CO-05-01-03	Río Saíñas - Ribeira	RIBEIRA	1,21	1,9	1,4			
CÓDIGO SUBTRAMO	DESCRICIÓN DO SUBTRAMO	CONCELLOS	Km	PG	RG	T = 10	T = 100	T = 500
ES014-CO-05-01-03-01	Rego de Saíñas	RIBEIRA	0,59	1,8	1,1	MOI BAIXO	BAIXO	BAIXO
ES014-CO-05-01-03-02	Rego Chemiso ou Chamiza	RIBEIRA	0,61	2,0	0,9	MOI BAIXO	BAIXO	BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
ES014-CO-05-01-04	Río Morto - A Pobra do Caramiñal	A POBRA DO CARAMIÑAL	3,86	1,6	2,3			
CÓDIGO SUBTRAMO	DESCRICIÓN DO SUBTRAMO	CONCELLOS	Km	PG	RG	T = 10	T = 100	T = 500
ES014-CO-05-01-04-01	Rego	A POBRA DO CARAMIÑAL	0,52	1,5	0,6	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
ES014-CO-05-01-04-02	Regato de Vilariño ou da Silva	A POBRA DO CARAMIÑAL	0,31	1,7	0,9	MOI BAIXO	BAIXO	BAIXO
ES014-CO-05-01-04-03	Río Morto	A POBRA DO CARAMIÑAL	1,24	1,7	2,3	MEDIO	MEDIO	MEDIO
ES014-CO-05-01-04-04	Río Xundarana	A POBRA DO CARAMIÑAL	1,71	1,6	1,1	MOI BAIXO	BAIXO	BAIXO
ES014-CO-05-01-04-05	Río Tilleiro	A POBRA DO CARAMIÑAL	0,07	1,7	0,3	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
ES014-CO-05-01-05	Río Pedras - A Pobra do Caramiñal	A POBRA DO CARAMIÑAL	2,16	1,7	1,0			
CÓDIGO SUBTRAMO	DESCRICIÓN DO SUBTRAMO	CONCELLOS	Km	PG	RG	T = 10	T = 100	T = 500
ES014-CO-05-01-05-01	Río Pedras	A POBRA DO CARAMIÑAL	0,98	1,7	0,7	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
ES014-CO-05-01-05-02	Río Lérez	A POBRA DO CARAMIÑAL	1,18	1,7	0,7	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
						T = 10	T = 100	T = 500
ES014-CO-05-01-06	Rego do Pontillón -Boiro	A POBRA DO CARAMIÑAL	0,50	2,4	0,8	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO

ES014-CO-05-01-07	Rego de Lampán - Escarabote	BOIRO	1,09	1,8	1,8	BAIXO	BAIXO	BAIXO
ES014-CO-05-01-08	Río Coroño – Boiro	BOIRO	0,83	2,0	0,8	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
ES014-CO-05-01-09	Río Te - Listres - Rianxo	RIANXO	1,14	2,2	1,0	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
ES014-CO-05-01-10	Río Te- Carballal - Rianxo	RIANXO	5,23	1,7	0,8	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
ES014-CO-05-04-15	Río Tinto – Teo	TEO	7,14	2,0	1,3	RISCO GLOBAL		
CÓDIGO SUBTRAMO	DESCRICIÓN DO SUBTRAMO	CONCELLOS	Km	PG	RG	T = 10	T = 10	T = 10
ES014-CO-05-04-15-01	Rego de Fixo	TEO	1,63	2,0	1,6	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
ES014-CO-05-04-15-02	Rego do Rodullo	TEO	1,72	1,9	0,7	BAIXO	BAIXO	BAIXO
ES014-CO-05-04-15-03	Rego de Texexe	TEO	1,47	2,0	0,9	MOI BAIXO	MOI BAIXO	MOI BAIXO
ES014-CO-05-04-15-04	Río Tinto	TEO	2,32	2,0	0,6	MOI BAIXO	BAIXO	BAIXO
CÓDIGO ARPSI	NOME ARPSI	CONCELLOS	Km	PG	RG	RISCO GLOBAL		
ES014-CO-05-04-16	Río Sar - Bertamiráns	AMES, BRIÓN	10,87	2,1	2,9	RISCO GLOBAL		
CÓDIGO SUBTRAMO	DESCRICIÓN DO SUBTRAMO	CONCELLOS	Km	PG	RG	T = 10	T = 100	T = 500
ES014-CO-05-04-16-01	Río Sar	AMES	4,38	2,2	1,7	MEDIO	MEDIO	ALTO
ES014-CO-05-04-16-02	Rego de Esparille	AMES, BRIÓN	1,04	2,0	1,9	BAIXO	BAIXO	BAIXO
ES014-CO-05-04-16-03	Rego de Riamonte	AMES	1,80	2,1	1,3	BAIXO	BAIXO	BAIXO
